



*Nota de prensa*

**No marco do convenio renovado recentemente**

**A CAMPAÑA SOLIDARIA DE EROSKI E MAIS WWF  
PARA A CONSERVACIÓN DAS FRAGAS E PARA A  
RECUPERACIÓN DOS ECOSISTEMAS RECADA  
22.500 EUROS**

- **EROSKI destinaralle a WWF a totalidade dos beneficios da venda da súa bolsa solidaria que ten á venda desde o pasado agosto**
- **Esta acción enmárcase dentro dos compromisos de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI para influír positivamente na mellora da calidade de vida e no desenvolvemento sostible da sociedade**

**Elorrio, 14 de decembro do 2018.-** A campaña solidaria na que colaboraron conxuntamente [EROSKI](#) e [WWF](#) para a conservación das fragas e para a recuperación dos ecosistemas degradados recadou un total de 22.500 euros. A campaña, que se inclúe dentro do convenio renovado hai uns meses entre ambas as dúas entidades, comezou en agosto e rematou o pasado novembro. EROSKI destinará os beneficios da venda da súa bolsa solidaria a esta organización de conservación da natureza.

Os cartos destinaranse a continuar co traballo realizado desde WWF para a conservación das fragas, que ten os seguintes obxectivos: recuperar as funcións das fragas para que volvan ofrecer recursos, auga e aire de calidade, protección fronte as inundacións e regular o clima na Terra; crear fragas autóctonas, de diferentes especies e idades, apostando pola biodiversidade e pola variedade de hábitats; potenciar a diversidade nos usos das fragas como base da actividade económica en zonas rurais e xerar unha paisaxe diversa e rendible para resistir os impactos futuros.

*"Estamos moi satisfeitos coa resposta dos nosos clientes a esta campaña. Contribuír a unha sociedade máis xusta, solidaria e sostible forma parte do noso ADN como cooperativa de consumo. Esta campaña forma parte do noso recente compromiso renovado con WWF e enmárcase dentro dos [Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#), a través dos que queremos influír positivamente na mellora da calidade de vida e no desenvolvemento sostible da sociedade",* sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.



*“Queremos transmitir o noso máis grande agradecemento a EROSKI por esta doazón, xa que nos permite traballar no noso principal obxectivo de axudar a natureza a se rexenerar de seu e dun modo integral. O estado das nosas fragas é alarmante: en España ocupan só o 29% da superficie que poderían ocupar, e as máis das que chegaron ata os nosos días non se atopan nun estado de conservación favorable. A Unión Europea marcou o obxectivo de restaurar o 15% dos ecosistemas degradados para o 2020”,* indicou o secretario xeral de WWF, Juan Carlos del Olmo.

EROSKI leva xa seis anos destinando a iniciativas sociais a totalidade dos beneficios da venda da bolsa solidaria ao prezo de 1 euro nas súas tendas. Trátase dunha bolsa reutilizable en tea que é moi boa de encartar para levala no peto, no bolso ou no compartimento do coche. Desde o seu lanzamento no 2013 a cooperativa vendeu máis dun millón de bolsas solidarias e os beneficios obtidos repartíronse entre numerosas organizacións tales como Cruz Vermella, Unicef, Oxfam Intermon e Save the Children, entre outras.

## **EROSKI**

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. Conta cunha rede comercial de 1.651 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash&carry, e mais con gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo. Desde os seus comezos, EROSKI leva a cabo múltiples iniciativas de acción social, principalmente dirixidas á promoción dos hábitos de vida saudables, a formación ao consumidor, a defensa do medio natural e a solidariedade.

## **WWF**

WWF é unha das maiores e máis eficaces organizacións mundiais independentes dedicadas á conservación da natureza. A súa misión é deter a degradación do medio natural no planeta e construír un futuro no cal os seres humanos vivamos en harmonía coa natureza, conservando a diversidade biolóxica, asegurando o uso sostible dos recursos naturais renovables e promovendo a redución da contaminación e do consumo desmedido.



Contactos:

<p><b>EROSKI</b> Dirección de Comunicación Corporativa Xurdana Fernández Herrán Tel.: 946 211 214 <a href="mailto:comunicacion@eroski.es">comunicacion@eroski.es</a> Oficina de Prensa – Consejeros del Norte Joana G. Landazabal / Edurne Izquierdo Tel.: 944 158 642</p>	<p><b>WWF</b> Dpto. Comunicación Tfno. 91 354 05 78</p>
--	---